

## CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA ACTRICES/ACTORES PARA A PRODUCCIÓN "PHONÉ" (TÍTULO PROVISIONAL) DO DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN TEATRAL DA AGADIC

En virtude do artigo 7 dos estatutos da Agadic, aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, modificado polo decreto 53/2021, do 18 de marzo, correspóndelle a esta entidade, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Neste contexto, conforme ao artigo 26 dos estatutos da entidade, correspóndelle ao seu departamento de Produción Teatral o desenvolvemento da política de creación e programación teatral relativo ao Centro Dramático Galego e ao Salón Teatro, tarefa que se concreta, entre outros aspectos, na necesidade de facer a selección e o contrato de artistas para aqueles espectáculos que o requiran.

Por outra parte, no artigo 17.1 establécese que é competencia do Consello Reitor do organismo autorizar a realización daqueles contratos referidos ao réxime especial de artistas.

Co obxecto de levar a cabo a produción teatral prevista para o segundo semestre do ano 2023 e o primeiro semestre de 2024, e en consecuencia, proceder á selección das actrices e actores que formarán parte do elenco para a súa contratación mediante relación laboral de carácter especial, previa aprobación do Consello Reitor, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección e que se detallan de seguido:

### BASES

#### 1. Normas xerais.

##### 1.1. Número e características das prazas.

Convócase o proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do RD 1435/85, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos, segundo a modificación introducida polo Real Decreto-Lei 5/2022, de 22 de marzo, polo que se adapta o réxime da relación laboral de carácter especial das persoas dedicadas ás actividades artísticas, así como ás actividades técnicas e auxiliares necesarias para o seu desenvolvemento, e se melloran as condicións laborais do sector, de vinte (20) contratos de actrices e actores, dous (2) coa categoría de protagonista, nove (9) coa categoría de principais, e nove (9) coa categoría de secundarios para a produción "Phoné" (título provisional) do Centro Dramático Galego no período 2023/2024. Trátase dun proxecto de creación a partir de textos de Tamara Canosa e outros autores.

Os vinte roles a partir dos cales se vai facer o traballo de interpretación responden á lóxica de creación coral a partir dos textos de Tamara Canosa e outros autores. Por este motivo, serán definidos a partir da compensación de perfís entre todos aqueles recibidos. Entre os perfís primarase o de intérpretes con probada versatilidade ao longo da súa traxectoria. Valorarase a traxectoria e características dos espectáculos representados. Seleccionarase tamén algúns perfís

transdisciplinares con coñecemento e experiencia na creación en disciplinas como a música, a danza, o audiovisual ou as artes plásticas.

### 1.2. Duración dos contratos e dotación económica.

Os contratos dótanse coas retribucións correspondentes ás categorías de principal, protagonista e secundario fixadas pola Resolución do 31 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no DOG do acordo da comisión negociadora do convenio de actores e actrices de teatro de Galicia, actualizadas, de ser o caso, pola lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2023 e 2024.

A duración prevista do contrato será de tres meses e quince días distribuídos entre o segundo semestre de 2022, dende a data de comezo dos ensaios, en decembro de 2023, ata a fin de exhibición do espectáculo, no primeiro semestre de 2024 que se prevé para o mes de maio.

### 1.3. Financiamento.

As contratacións do espectáculo farase con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.1 do proxecto 2015/00001 denominado "Centro Dramático Galego" para o exercicio 2023 e mesma aplicación e proxecto dos orzamentos do ano 2024, logo de realizar e aprobar a oportuna modificación orzamentaria dotando o concepto 131.00 por 154.312,55 € e o 160.00 por importe de 51.308,92 €, conforme ao artigo 15.sete da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 que establece que o gasto xerado polas contratacións reguladas neste artigo, incluído o das suxeitas ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como do persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputarase ao concepto correspondente dos artigos 13 e 16 no programa e na consellería ou organismo de que se trate, sen prexuízo de que se financie con cargo aos respectivos créditos de investimentos, para cuxos efectos poderán realizarse as modificacións de crédito correspondentes segundo o seguinte detalle:

Anualidade	Duración	Aplicación	Importe
2023	15 días	10.A1.432B.131.00	22.044,65
		10.A1.432B.160.00	7.329,85
2024	3 meses	10.A1.432B.131.00	132.267,90
		10.A1.432B.160.00	43.979,08
<b>CUSTO TOTAL</b>			<b>205.621,48</b>

### 1.4. Procedemento de selección.

O procedemento de selección constará de dúas fases: unha primeira de valoración dos perfís profesionais en función do grao de coincidencia coa proposta artística e unha segunda, que consistirá nunha proba de interpretación e valoración por grao de preferencia, á que accederán aquelas persoas que superen a primeira fase.

## 1.5. Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas ao proceso selectivo, as persoas candidatas deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión os seguintes requisitos:

1.5.1. Idade: Ter feito os dezaseis anos.

1.5.2. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, as persoas cónxuxes das españolas e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar a súa descendencia e a da súa cónxuxe sempre que non estean separadas/os de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- e) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de persoas estranxeiras non incluídas nos puntos anteriores.

1.5.3. Titulación: Polas características dos contratos, non terá que acreditarse titulación.

1.5.4. O coñecemento e dominio do idioma galego no ámbito cotián e artístico:

Acreditarase a través do ANEXO III xunto coa documentación que se sinala só no caso de ser seleccionada/o para ser contratada/o para a produción:

- a) Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).
- b) A contratación por parte do Centro Dramático Galego para a participación no elenco de anteriores producións.
- c) Aquelas persoas que non se atopen en situación de poder acreditar mediante certificación oficial o devandito nivel de coñecemento da lingua galega, unha vez seleccionadas para o espectáculo, deberán indicar no ANEXO III que solicitan ser avaliadas do nivel de coñecemento da lingua galega. As probas para acreditar o nivel adecuado de coñecemento da lingua galega serán realizadas polo persoal designado ao efecto pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao longo do procedemento para aquelas persoas aspirantes que sigan adiante no proceso. Esta proba, que será convocada con antelación suficiente para

aquelas persoas aspirantes que o precisen con indicación do seu contido previamente, valorarase como apta ou non apta.

1.5.5. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

1.5.6. Habilitación: non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrase na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No suposto de ser nacional doutro Estado, non encontrase a persoa inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

## 1.6. Solicitudes

### 1.6.1. Forma.

Quen desexe tomar parte na convocatoria deberá formular a súa solicitude no modelo de solicitude que figura como **Anexo I**, xunto coa seguinte documentación,

a) Copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa candidata.

b) Anexo II coa información e materiais que acrediten a experiencia da persoa solicitante e permitan valorar o seu perfil. O documento terá un peso máximo de 10MB en formato PDF. Dentro desa información poderán incluírse materiais como:

- *Curriculum vitae*. Terán especial consideración os estudos en Arte Dramática e outras ensinanzas artísticas superiores.

- Materiais audiovisuais que recollan a experiencia profesional previa a través de enlaces a plataformas de vídeo-web como *vimeo*, *youtube* ou similares.

- Unha fotografía actual de corpo enteiro.

### 1.6.2. Lugar de presentación e prazo.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, enviando o modelo de solicitude **Anexo I**. Para a remisión electrónica deste Anexo I e documentación que se xunte empregárase o modelo de solicitude xenérica co código PR004A, previsto na Orde do 4 de maio de 2017 que aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non teñan un sistema electrónico específico, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>, ou ben presentará a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas solicitantes poderán escoller en todo momento se se comunican coa Agadic a través de medios electrónicos. O medio escollido pola persoa poderá ser modificado en calquera momento.

Estas bases, así como o modelo de solicitude e anexos estarán dispoñibles na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)) e no taboleiro da axencia.

O prazo de presentación de solicitudes será de **quince (15) días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)) e no taboleiro desta axencia.

### 1.7. Admisión de persoas aspirantes.

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, o director da Agadic aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada na páxina web da Agadic, con indicación dos seus apelidos, nome e das causas determinantes das exclusións que procedan e do lugar en que se encontrarán expostas.

As persoas excluídas disporán dun prazo de **cinco (5) días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da Agadic, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderase implícita na resolución pola cal se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas. Estas listaxes publicaranse na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)). Unha vez transcorrido o prazo sinalado, o titular da dirección da Agadic ditará unha nova resolución pola que se aproban as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superalo se desprenda que non posúen algún deses requisitos, decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## 2. Proceso selectivo.

### 2.1. Probas.

As probas constarán de dúas fases: valoración dos perfís profesionais en función do grao de coincidencia coa proposta artística e proba de interpretación e valoración por grao de preferencia.

#### 2.1.1. Primeira fase: Valoración do perfil profesional en función do grao de coincidencia coa proposta artística.

O órgano de selección supervisará a valoración dos perfís profesionais achegados polas persoas candidatas segundo a proposta artística establecida polo equipo de dirección do espectáculo e aprobada polo Consello Reitor da Agadic. O equipo de dirección ten, polo seu profundo coñecemento da proposta artística, a capacidade de valorar de xeito obxectivo e mediante escrito motivado o grao de coincidencia dos perfís profesionais coas necesidades do espectáculo. O equipo de dirección propondrá ao resto do órgano de selección unha listaxe ordenada por grao de coincidencia coa proposta artística dos perfís presentados. Unha mesma

persoa poderá aparecer, no caso de ser pertinente, na listaxe de diferentes roles a consideración do equipo de dirección.

Pasarán á segunda fase os cinco (5) perfís máis coincidentes coa proposta artística marcada pola dirección para cada rol unha vez supervisada a listaxe polo órgano de selección. A dirección, de xeito excepcional poderá propoñer o pase á segunda fase de máis ou menos de cinco (5) perfís, circunstancia que será valorada polo órgano de selección.

Rematada esta primeira fase, publicarase na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)), así como no taboleiro desta axencia, a listaxe de persoas seleccionadas para a segunda fase. Concederase un prazo de cinco (5) días naturais para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación.

### 2.1.2. Segunda fase: Probas de interpretación e valoración por grao de preferencia

As probas de interpretación celebraranse nos lugares, datas e horas que se sinalen no momento da publicación da listaxe de persoas seleccionadas para a segunda fase.

O anuncio de realización dos exercicios e os textos e indicacións de carácter xeral para estas probas publicarase na páxina web da Agadic con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio, ou, no seu caso, remitiranse por vía electrónica a cada persoa aspirante no suposto de textos individualizados.

Así mesmo, contéplase a posibilidade de convocar a unha persoa candidata para máis dun rol, así como a repetición da proba ou o cambio de rol no caso de considerarse necesario por parte dos membros do órgano de selección para a axeitada configuración do elenco.

As persoas admitidas deberán presentarse á proba de interpretación provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do órgano de selección, acredite a súa identidade.

A proba de interpretación realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas convocadas, os membros do órgano de selección e as persoas designadas pola dirección da Agadic como colaboradoras.

O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas que non comparezan serán excluídas.

As probas consistirán en obradoiros grupais e/ou audicións individuais que poderían estar repartidas en varias xornadas, nos que se avaliará tanto a interpretación textual, xestual e a adecuación aos roles, como a capacidade de integración no traballo coral, coreográfico e/ou de manipulación de elementos.

As probas serán gravadas en vídeo para uso exclusivamente interno do proceso.

As persoas seleccionadas nesta fase publicaranse no lugar onde se realizou a proba, no taboleiro de anuncios da Agadic e na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)).

Concederase un prazo de **cinco (5) días naturais** para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación na páxina web da Agadic do acordo do órgano de selección pola que se fan públicas as persoas seleccionadas definitivamente.

### 3. Órgano de selección.

O Órgano cualificador do proceso será nomeado por Resolución do director da Agadic, e a súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a proposta da persoa titular do departamento de Produción Teatral desta axencia. Estará constituído por unha presidencia, tres vogalías e unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto. O órgano de selección quedará validamente constituído coa asistencia de como mínimo a metade máis un dos seus membros e mais a asistencia das persoas que ostenten a presidencia e a secretaría. Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera destas causas deberá ser comunicada á dirección da Agadic.

### 4. Finalización.

Rematado o proceso publicarase na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)), así como no taboleiro desta axencia, a relación de persoas seleccionadas.

Así mesmo, coas persoas candidatas que non resulten finalmente seleccionadas formarase unha listaxe, para eventuais substitucións por renuncias ou baixas transitorias das persoas seleccionadas.

En cada unha das fases do proceso, será posible declarar prazas desertas se, a criterio do órgano de selección respectivo, as persoas candidatas non teñen o perfil necesario fixado polo órgano de selección, conforme aos criterios de selección da convocatoria. A dirección do espectáculo, nese caso, terá a capacidade de propor ao órgano de selección, mediante escrito motivado, atendendo ás circunstancias específicas e singulares de determinados roles da produción teatral obxecto do proceso de selección, o chamamento de profesionais que polo seu perfil específico poidan ser convidados a cada unha das fases.

### 5. Recursos.

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán impugnalas directamente perante a xurisdición do contencioso-administrativo competente no prazo de dous

meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os actos que deriven desta convocatoria poderán ser impugnados nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Publicarase no Diario Oficial de Galicia anuncio da data do inicio deste proceso, así como a indicación de onde poden consultarse estas bases e o resto da documentación relativa a esta convocatoria, que será na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)) e no taboleiro da axencia.

En Santiago de Compostela,

**O Presidente**

**Román Rodríguez González**